

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O TRECE DE MARZO DE DOUS MIL DEZAOITO.

#### ASISTENTES:

##### Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

##### Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Sanmartín.  
Dna. Raquel Caruncho Corral.  
D. José Simoes Couceiro.  
Dna. Yolanda Vázquez Busto.  
Dna. Marta Pico Machado.  
D. Francisco Javier Crespo Romeo.  
Dna. María Carmen Piñeiro Varela.  
Dna. Ascensión de Vicente Olarte.  
D. Andrés Pérez Pérez.  
Dna. Ana María Veira García  
D. Jorge Serafín Allegue Freire.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as nove horas e trinta e seis minutos do día trece de marzo de dous mil dezaoto, xúntanse en sesión extraordinaria e urxente, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos polas Secretaria e a Interventora Municipais.

##### Non asiste:

Dna. Silvia Fornos Permuy.

##### Secretaria:

D<sup>a</sup>. Ana Ramos Ramos

##### Interventora

D<sup>a</sup>. Lucía Varela Martínez

A Presidencia abre a sesión procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

#### **1.-RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN E INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **“PROPOSTA DE ACORDO**

#### **RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 13.03.2018 E INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA.**

#### **Expediente: 2018/G006/000039**

*A urxencia da celebración desta sesión Plenaria ven derivada da necesaria tramitación do expediente para a execución da obra para “Rehabilitación e ampliación do Mercado municipal de Ponte deume” no prazo máis breve posible ás razóns de interese público existentes co obxecto de garantir a estabilidade e a seguridade das edificacións localizadas nas inmediacións do ámbito da obra e co fin de dar cimplimento ao establecido na Addenda do Convenio de Colaboración para a financiación do presente contrato asinado o día 15/12/2017,*



no relativo ao prozao máximo para xustificar o presente investimento. Con todo esto, e dada a competencia plenaria da contratación por razón da porcentaxe do orzamento de licitación asó como a periodicidade mensual das súas sesións, determinan que sexa convinte para o interese público tratar o presente asunto, sen maior dilación mediante a convocatoria dun pleno extraordinario e non ditar ata o vindeiro pleno ordinario do mes de marzo a adopción do acordo que se propón.

Por tanto, esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA**:

**PRIMEIRO.**- Ratificar a Urgencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno do Concello de Pontedeume de 13.03.2018.

**SEGUNDO.**- Ratificar a Inclusión na Orde do Día da Sesión do asunto:

- **ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA COMPLEMENTARIA "REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS NA CUBERTA DO MERCADO MUNICIPAL". EXPEDIENTE: 2016/C003/000001.**

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente a 12 de marzo de 2018.”

Non habendo intervencións o respecto, sométese a proposta a votación quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.**- Ratificar a Urgencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno do Concello de Pontedeume de 13.03.2018.

**SEGUNDO.**- Ratificar a Inclusión na Orde do Día da Sesión do asunto:

- **ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA COMPLEMENTARIA "REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS NA CUBERTA DO MERCADO MUNICIPAL". EXPEDIENTE: 2016/C003/000001.**

**2.- ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA COMPLEMENTARIA "REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS NA CUBERTA DO MERCADO MUNICIPAL".EXPEDIENTE: 2016/C003/000001.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**“PROPOSTA DE ACORDO**  
**Expediente: 2018/G006/000038**

**ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA COMPLEMENTARIA REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS NA CUBERTA DO MERCADO MUNICIPAL. EXPTE 2016/C003/0000001**

**DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

Visto o acordo do Pleno, en sesión extraordinaria e urxente de data 9/02/2018, no que se acordou:

“[...]

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**PRIMEIRO.-** Aprobar a proposta de adjudicación da contratación a “**Acciona Construcción, S.A.**” nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas, no proxecto e prescrición técnicas e na documentación presentada polo licitador na súa proposta, que contén entre outros:

<b><u>Acciona Construcción, S.A.</u></b>	<b>OFERTA ECONÓMICA (sen IVE)</b>	<b>IVE</b>	<b>OFERTA TOTAL (IVE incluído)</b>
	174.017,48 €	36.543,67 €	210.561,15 €

**SEGUNDO.-** Requerir á **Acciona Construcción, S.A.** segundo o establecido nos artigos 146 e 151.2 do RDL 3/2011 do 14 de novembro, e a cláusula 16ª do Prego de cláusulas administrativas para que no prazo de **10 DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requerimento presente a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos, sobre A, “*Documentación*”, que foron substituídos por declaración responsable do licitador, segundo o establecido nos artigos 146.1 e 146.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, do TRLCSP e a cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas.
- Documentación acreditativa de estar dado de alta no IAE.
- A xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda do Estado, A Comunidade Autónoma e a Local e coa Seguridade Social.
- A xustificativa de dispor dos medios que se comprometeu a adscribir á execución da obra conforme ao artigo 64.2 LCSP, segundo o modelo recollido no ANEXO IV do prego.
- A acreditativa de ter constituída a garantía definitiva (5 % do importe de adjudicación IVE excluído).

De non cumprirse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose polo órgano de contratación a requerir dita documentación ao seguinte candidato por orde de puntuación.

[...]

Visto que o 1/03/2018, Acciona Infraestructuras, S.A., presenta no Rexistro Xeral do Concello de Ponte deume a documentación requirida, con entrada SIR nº 18012688062

Visto o informe técnico de data 7 de marzo de 2018.

Visto o informe da Intervención Municipal de fiscalización do expediente (Fase D) de data 8 de marzo de 2018, favorable.

Considerando a seguinte lexislación aplicable:



Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, do 8 de novembro de 2017 de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014

Os artigos 6, 76, 87.5, 112, 121 e seguintes, 151.3, 169, 170, 171, 178, 229 e Disposición Adicional Segunda seguintes do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

— O Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

— O Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009, do 8 de maio).

— A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Visto cando antecede, de conformidade do disposto nos artigos 22.2.b) e 47.2.g) da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Adxudicar a contratación a “**Acciona Construcción, S.A.**” nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas, no proxecto e prescrición técnicas e na documentación presentada polo licitador na súa proposta, que contén entre outros:

	<b>OFERTA ECONÓMICA</b>	<b>IVE</b>	<b>OFERTA TOTAL</b>
<b><u>Acciona Construcción, S.A.</u></b>	<b>(sen IVE)</b>		<b>(IVE incluído)</b>
	174.017,48 €	36.543,67 €	210.561,15 €

**SEGUNDO.-** Dispoñer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 4312.63203.

**TERCEIRO.-** Nomear como responsable do contrato á arquitecta municipal, Dna Marta Gómez Fernández e como responsable do contrato substituto a D. David Álvarez Ferreiro.

**CUARTO.-** Designar como director de execución da obra titular ao arquitecto técnico municipal, D. David Álvarez Ferreiro e como directora facultativa substituta a Dna. Marta Gómez Fernández.

**QUINTO.-** Publicar o anuncio da adxudicación no perfil do contratante ([www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal)).

**SEXTO.-** Requirir ao adxudicatario **Acciona Construcción, S.A.** para que no prazo de 15 días hábiles a contar dende a recepción da notificación concorra a formalizar o contrato en documento administrativo.

**SÉTIMO.-** Notificar a presente resolución aos interesados e dar traslado aos departamentos de Intervención e Urbanismo aos efectos oportunos.

**OITAVO.-** Formalizado o contrato, deberá presentar o adxudicatario Acciona Infraestructuras, S.A. no prazo de 15 días naturais, a contar dende a recepción da presente notificación, e sempre antes do inicio das obras, a seguinte documentación, aos efectos da súa aprobación polo Concello e a súa posterior comunicación á autoridade laboral:

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*Plan de seguridade e saúde das obras  
Subcontratistas e subministradores  
Plan de Xestión de Residuos  
Programa de traballo*

*Efectuado este trámite, procederase á acta de reformulo e inicio da obra.*

*Non entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.*

*Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde, Don Bernardo Fernández Piñeiro. En Ponte deume a 12 de marzo de 2018."*

De seguido, dende a Presidencia ábrese a quenda para o debate

Toma a palabra o portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular. D. Francisco Javier Crespo Romeo adianta o voto a favor do seu grupo e pide que se aclaren os prazos, así como información sobre a reclamación á empresa que realizou a actuación primeira.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que se asinará o contrato obxecto da proposta de adjudicación mañá sobre as doce. Sobre a obra principal, di que xa está informado o proxecto modificado e que entre hoxe e mañá, daráselle traslado á empresa concesionaria para a súa revisión e logo, xestionarase a autorización ante "Patrimonio" que ven de modificar a periodicidade das súas Comisións para axilizar os expedientes. Unha vez que se reciba a autorización deste organismo probablemente xa se podería comezar, ao xa estaren realizadas as catas...; Conclúe indicando que, unha vez rematada a obra da cuberta, nun prazo que se prevé en mes e medio, dous meses, xa poderían "empatar" as dúas actuacións. En resposta á unha pregunta de Dña. Ascensión de Vicente Olarte, o Sr. Alcalde indica que no Concello xa obra a documentación necesaria para a sinatura do contrato e que, unha vez asinado o contrato e nomeada a coordinación de seguridade e saúde xa se podería comezar. Da conta que o prazo de execución da cuberta é de tres meses e que o prazo de recepción da madeira, a unha pregunta de Dña. Ana Veira García, é de tres semanas, indicando que esta madeira, laminada, da máis garantías que a maciza, ademais de aforrar semanas de espera. Sobre o conxunto da obra, di que en decembro/xaneiro debería estar rematada.

D. Francisco Javier Crespo romeo pregunta pola reclamación, contestando o Sr. Alcalde, quen di que está pendente de sinalamento a conciliación, por mor da folga xudicial.

Toma a palabra polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego Dña. Ana Veira García que sinala que é interese do BNG que se faga a obra canto antes e que están dacordo en que se ten que facer deste xeito polo que anuncia o voto favorable do seu grupo e non ter que acudir a unah nova licitación, aínda que nas cuestións de procedemento, o voto do seu grupo soe ser a abstención. Agarda, di, que sexa verdade que a obra comece en abril.

Pecha o debate D. Bernardo Fernández Piñeiro. O Sr. Alcalde indica que a aprobación do proxecto modificado será obxecto de outro pleno xa que se trata de dúas obras distintas.

Concluídas as intervencións, sométese a PROPOSTA a votación, quedando **ADOPTADO** por **10 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras dos Grupos Municipais do PSOE (6): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dña. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dña. Yolanda Vázquez Busto, Dña. Marta Pico Machado; e do PP (4):



D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte, D. Andrés Pérez Pérez; e **2 abstencións** da concelleira e do concelleiro do BNG-AA: Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** Adxudicar a contratación a “**Acciona Construcción, S.A.**” nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas, no proxecto e prescrición técnicas e na documentación presentada polo licitador na súa proposta, que contén entre outros:

<b>Acciona Construcción, S.A.</b>	<b>OFERTA ECONÓMICA (sen IVE)</b>	<b>IVE</b>	<b>OFERTA TOTAL (IVE incluído)</b>
	174.017,48 €	36.543,67 €	210.561,15 €

**SEGUNDO.-** Dispoñer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 4312.63203.

**TERCEIRO.-** Nomear como responsable do contrato á arquitecta municipal, Dna Marta Gómez Fernández e como responsable do contrato substituto a D. David Álvarez Ferreiro.

**CUARTO.-** Designar como director de execución da obra titular ao arquitecto técnico municipal, D. David Álvarez Ferreiro e como directora facultativa substituta a Dna. Marta Gómez Fernández.

**QUINTO.-** Publicar o anuncio da adxudicación no perfil do contratante ([www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal)).

**SEXTO.-** Requirir ao adxudicatario **Acciona Construcción, S.A.** para que no prazo de 15 días hábiles a contar dende a recepción da notificación concorra a formalizar o contrato en documento administrativo.

**SÉTIMO.-** Notificar a presente resolución aos interesados e dar traslado aos departamentos de Intervención e Urbanismo aos efectos oportunos.

**OITAVO.-** Formalizado o contrato, deberá presentar o adxudicatario Acciona Infraestructuras, S.A. no prazo de 15 días naturais, a contar dende a recepción da presente notificación, e sempre antes do inicio das obras, a seguinte documentación, aos efectos da súa aprobación polo Concello e a súa posterior comunicación á autoridade laboral:

- Plan de seguridade e saúde das obras
- Subcontratistas e subministradores
- Plan de Xestión de Residuos
- Programa de traballo

Efectuado este trámite, procederase á acta de reformulo e inicio da obra.

#### **REMATE DA SESIÓN**

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as nove horas e corenta e sete minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.